

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LAROUCO PARA O EMBELECIMENTO E MELLORA DO ACCESO ÁS COVAS DE SEADUR

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Larouco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Larouco para o embelecemento e mellora de acceso ás covas de Seadur.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que entre os obxectivos do Concello de Larouco están o desenvolvemento do turismo dentro do concello de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como factor de crecemento económico, a



valorización dos recursos turísticos e o fomento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial.

Este concello, consciente da gran importancia e da gran responsabilidade que leva xestionar adecuadamente os espazos naturais así como os elementos do patrimonio tradicional e cultural de Larouco, dirixe os seus esforzos cara a conservación, divulgación e posta en valor dos recursos presentes no concello. É por isto polo que se promove unha actuación dirixida á posta en valor turístico dun dos elementos de interese existentes no concello: o conxunto etnográfico das Covas de Seadur, unhas covas escavadas na rocha e na terra que se utilizan como adegas para a elaboración do viño.

Terceiro.- O entorno etnográfico das Covas de Seadur é un claro exemplo da vinculación entre viño e territorio, composto por bodegas tradicionais de gran valor patrimonial onde se proxectan actividades turísticas e gastronómicas, promocionando así unha ampla oferta de turismo enogastronómico da comarca de Valdeorras. Constitúe un dos capitais turísticos máis relevantes de Valdeorras en tanto en canto constitúe parte do legado que evidencia a antiquísima tradición vitivinícola na zona, xa que desde a época romana Seadur foi un lugar privilexiado para a viticultura, tanto pola súa localización e clima, como polo seu cha privilexiado para o cultivo da vide. Neste senso, é un dos elementos que máis identifican a cultura do viño en Valdeorras.

Cada Sábado Santo celébrase a festa das Covas de Seadur. Trátase dunha celebración durante a cal os visitantes poden percorrer as máis de 20 adegas tradicionais existentes nesta poboación do concello de Larouco. Percorrer as súas rúas é somerxerse na arquitectura popular galega. Os coveiros abren as súas covas e as súas estreitas vías convértense nun fervedoiro de xente que recorre cada una destas bodegas escavadas na rocha, ó tempo que poden degustar os excelentes viños desta localidade, así como petiscos preparados especialmente para a ocasión. Pero as covas implican moito máis, son espazos de convivencia, de celebración e de reunión. Trátase, en definitiva, dunha actividade importante non só para gozar dos viños da zona, senón tamén para coñecer as adegas tradicionais nas que outrora se elaboraban os caldos, e que sorprenden polas súas peculiares características.

Cuarto.- Tanto o pavimento dun camiño situado ó sur do núcleo de Seadur como unha varanda situada nun dos laterais dunha das dúas rúas do núcleo, ámbolos dous na zona



das covas, están en mal estado de conservación e causan un gran impacto visual, polo que se pretende a súa renovación. Ademais a varanda atópase rota en varios puntos.

En canto á varanda procederase en primeiro lugar á retirada da actual e á demolición do pavimento existente. Posteriormente realizarase unha escavación para a execución das zapatas dos montantes das varandas e rematarase co lastro previamente retirado. A continuación procederase á colocación das ancoraxes no novo elemento, e por último á colocación da nova varanda de madeira.

Polo que respecta ó pavimento, en primeiro lugar procederase ó roce, limpeza e retirada de arbustos, tanto do propio camiño como da contorna inmediata. Posteriormente realizarase a pavimentación do camiño de acceso ás adegas mediante un pavimento continuo de formigón con adición de fibras e acabado cepillado de 14 cm de grosor.

Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Larouco unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

